

Nº 36

Xoves, 26 de xuño de 2014. Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: 20 horas. Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo. Duración aprox.: 1:30 h. Coordina: Antonio Reigosa.

Cadeas creativas

Ilustración: *Mundos de tinta e papel* (Luz Darriba)

SUMARIO

>Preámbulo

Unha aclaración sobre as “*Cadeas creativas*” e presentación de Paco Martín, por Antonio Reigosa (3)

>Paraugas, por Paco Martín (5’)

>Antonio Reigosa presenta a Miro Casabella (1’)

>O meu país, por Miro Casabella (5’)

>Paco Martín presenta a Marica Campo (1’)

>Soliloquio da xacia, por Marica Campo (5’)

>Miro Casabella presenta a Pilocho (1’)

>A miña amiga, por Pilocho. Ao piano Esperanza Iglesias (5’)

>Marica Campo presenta a Darío Xohán Cabana (1’)

>Cinco minutos da *Dívina Comedia*, por Darío Xohán Cabana (5’)

>Pilocho presenta a Marcos Fernández Mosquera (1’)

>Os teus ollos (Letra: M. Curros. Música: J. Castro Chanel), por Marcos Fernández Mosquera (5’)

>Darío X. Cabana presenta a Luz Darriba (1’)

>Todo cambia, por Luz Darriba. Na compañía de Chiruca, Gerardo Castedo, Tomás (asesor

máxico) e Tician Ghiglione Darriba (Cha) (audiovisual) (5’)

>Marcos Fernández Mosquera presenta a Esperanza Iglesias (1’)

>As froiñas dos toxos (Eduard Toldrá), por Esperanza Iglesias. Ao piano Aurelio Chao (5’)

>Luz Darriba presenta a Claudio Rodríguez Fer (1’)

>Con amores e clamores, por Claudio Rodríguez Fer (5’)

>Esperanza Iglesias presenta a Manuel Fernández Gayo (1’)

>Sarabanda para violín só (J. S. Bach), por Manuel Fernández Gayo (5’)

>Claudio Rodríguez Fer presenta a Verónica Martínez (1’)

>Recitado de poemas da *Obra reunida 1994-2008*, publicada por amrgord ediciones, por Verónica Martínez (5’)

>Epílogo

por Encarna Lago, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3’)

>Manuel Fernández Gayo presenta a Ana Vila Martínez (1’)

>Negra sombra, por Ana Vila Martínez. Acompañada por Pilocho (5’)

COLABORAN

Darío Xohán Cabana.- Naceu en Roás, Terra Chá, no 1952, e é tradutor de poesía. Xa no 1967 traduciu ó galego un poema de Miquel Costa i Llobera e outro de Paul Éluard, pero entre unhas cousas e outras non empezou en serio co oficio ata mediados dos anos oitenta. Traduciu Dante, Petrarca e outros poetas italianos, e os trobadores occitanos clásicos. Actualmente está rematando unha nova tradución d'*A Divina Comedia* –a primeira publicouna en 1990–. No seu tempo libre traballa como funcionario local, e ás veces tamén traduce algunha obra en prosa, coma por exemplo os *Fioretti di San Francesco* ou *Os tres mosqueiros*, e escribe algúns contos, novelas, ensaios e poemas da propia minerva.

Marica Campo.- Val do Mao, O Incio, 1948. Estudou Teoloxía e Filosofía e Letras, Licenciada en Maxisterio e en Galego pola Escola de Idiomas, exerceu como profesora de Galego no IES de Guitiriz. É autora de relatos e obras de teatro, escribiu letras para grupos musicais galegos desde o albor da Nova Música Galega, “Fuxan os Ventos”, “A Quenlla” e outros. Da obra publicada salientan as obras teatrais *O premexentes non pode cos paxaros rebexos*, *Confusión de María Balceira*, representada polo grupo “Achádego”. Obras poéticas como *Tras as portas do rostro*, 1992, *Pedinche luz prestada*, I Premio de Poesía “Fiz Vergara Vilariño” (2000), 2001, e *Sextinario: trinta e seis + tres*, 2007, Premio da AELG 2008. En narrativa *Confusión e morte de María Balceira*, 1996, *Memoria para Xoana*, Premio de narrativa do Concello de Vilalba no 2001 e Premio AELG 2002, *Crispín do Mao*, *Crispín do mar*, no volume “Contos”, 2004, *A voda*, en “Narradoras”, Xerais, Vigo, 2000, e *Poemas e contos da muralla*. Recoñecida pola AELG como “Escritora na súa terra” 2013.

Miro Casabella.- Naceu en Ferreira do Valadouro (Lugo) en 1946. Emigrou a Barcelona en 1964 onde estudou na Escola de Arquitectura Técnica. Nesta cidade, despois de entrar en contacto coa *Nova Canção*, e debutar musicalmente en 1967, gravou os seus primeiros discos: *Miro canta as súas cancións* e *Miro canta Cantigas de Escarinho e Mal Dizer*. Formou parte de *Voces Ceibes* e de *Doa*, actuou con Paco Ibáñez ou, entre outros moitos, co angoleño Luís Cília por medio mundo. Ademais dos discos gravados como membro de grupos, editou individualmente *Coma os vellos trobeiros/O meu país* (1972), *Miro Casabella A Bandeira* (1977), *Ti, Galiza* (1977), *Treboada* (1978) e *Orvallo* (2004).

Luz Darriba.- Montevideo 1954). Artista multidisciplinar, activista cultural, filla da diáspora galega. Estudou Belas Artes e Filosofía e Letras en Bos Aires. Vive entre Galicia e o mundo dende 1990. Realizou máis de 300 exposicións por todo o mundo e acadou 70 distincións internacionais no eido da pintura, dos dereitos das mulleres, e da literatura. Fixo 40 mostras individuais e 35 macro intervencións no espazo público, entre elas: CUMULUM, pioneira no estado español, 650.000 libros, Muralla Romana de Lugo; “Una Porta á Cultura”, envoltemento, 80.000 libros, Porta de Alcalá, Madrid 2001, patrocinio de UNESCO; “Libres avec deas livres”, Maison UNESCO, París; Patchwork, 8000 metros cadrados, Pza. do Obradoiro, Santiago de Compostela, 2004; Luva negra, luva branca, 30.000 pares de luvas negras e brancas, Pza. de Santa María, Lugo, e outras moitas, a máis recente *Frecha amarela*, na defensa do Camiño do Norte, 2013).

Manuel Fernández Gayol.- Naceu en Avilés. Entra en contacto coa música aos 7 anos na Escola de Música de Xove, da man de Xan Carballal. Continúa os estudos de violín co profesor Mariam Vyskocil obtendo o Título Superior na Especialidade de Violín, no Conservatorio Superior de Santiago de Compostela. Actualmente compaxina a docencia no Centro de Música Fingoi (Lugo) co labor de intérprete na *Orquestra de Cámara Galega*. Actuou nas principais salas de concertos nacionais como o *Auditorio Reina Sofía de Madrid*, o *Palau de la Música* de Barcelona e a *Real Maestranza de Sevilla*. Tamén en Austria, USA, Holanda, Arxentina, Eslovaquia ...

Marcos Manuel Fernandez Mosquera.- Nado en Oviedo, 1974. Con 18 anos desprázase a Lugo para realizar os estudos de Enxeñería Técnica Forestal; é a esa idade cando entra a formar parte do “Orfeón Lucense”, coro titular da Catedral de Lugo. Ó pouco tempo de integrarse nesta asociación, e impulsado pola súa temperá afección ó mundo da ópera, realiza estudos de canto lírico no Conservatorio Profesional de Música de Lugo. Ó mesmo tempo recibe clases maxistras de canto a cargo dos

profesores J. Antonio Campo e Diana Somkhieva. Actúa tamén como solista en distintos recitais de ópera e *zarzuela* da nosa comunidade. Dende 2012 é o Director titular do Orfeón Lucense, substituíndo ó crego e musicólogo Xesús Mato. Tamén dirixe dende 2013 o Coro de San Francisco Javier da capital lucense.

Esperanza Iglesias Méndez.- Natural de Oviedo (Asturias) é Licenciada en Historia e Ciencias da Música pola Universidade de Oviedo. Ten os títulos de Profesora Superior de: Piano (Oviedo), Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (Santiago de Compostela); Pedagogía Musical, Harmonía, Composición e Instrumentación (Santiago de Compostela) e Canto (Lugo). Actualmente é profesora de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato (na especialidade de Música) no IES Río Minho de Rábade e directora do Coro Municipal de Rábade. **Aurelio Chao Fernández** naceu no seo dunha familia con tradición musical. En Santiago realiza os seus estudos con título superior de Piano, Música de Cámara e Solfeo, e Teoría da Música, Transposición e Acompañamento. É pianista do grupo *Sólo Voces* así como da Orquestra de Cámara de Xove. Formou parte de diversos grupos de cámara en formacións de dúos, tríos, piano a 4 mans ...

Paco Martín.- Lugo, 1940. Mestre de escola exercendo durante 40 anos e hoxe, claro, xubilado. Arredor de trinta libros publicados.

Pilar Martínez Conde (Pilocho).- Comecei a cantar nos anos 70 facendo parte do “Movemento Popular da Canción Galega”. Gravei o meu primeiro disco “Pilocho” no ano 78 con cancións como “O saneristán de Coimbra” ou “Alecrín”. Cantei e gravei co Grupo universitario de cámara de Compostela cantigas de Martín Códax e de Alfonso X. Fixen xira e gravei co grupo Miladoiro “Voaría a Compostela” (1995). No ano 1998 saco “Calamidad sentimental”. Por catro anos ata 2012 dirixi e presento o programa de Jazz en Radio Galega Música chamado “Estrano Froito”. Imparto clases de canto no Centro de música Fingoi de Lugo e preparo cada ano un musical c@s alumn@s chegando a montar no 2013 “La verbena de la paloma” e facendo un dos seus personaxes principais. Fixen recitais en diversos escenarios de Europa e América do Sul. Teño recén saída a miña última gravación “De Voces Ceibes a Milladoiro”

Verónica Martínez Delgado.- É autora de diversas obras premiadas e publicou: *Mañá, se cadra non será un día máis*, (VII Concurso de relatos breves Repsol de 1994), *Había tantos homes lilas*, (I Premio de poesía Francisco Fernández del Riego de 1996), *Deshabitada e sen verdugo*, (I Premio de poesía Francisco Fernández del Riego de 1997), *Desterrada do meu corpo*, (Accés I Premio de Poesía Letras de Cal de 2001 e Premio do Concurs de Poesía Jove de Alzira de 2000), *Cara a un solpor de gatos*, (III Edición do Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón de 2004), *Lusocuría*, *Cartapedra*, *Refuxio* e *Obra reunida 1998-2008* e no prelo ten o libro: *Ode a Madison Ivy e outras cousas de meter* (Mención do xuri no VII certame de poesía erótica Illas Sisargas de 2013). Conta con colaboracións en diversas obras colectivas.

Claudio Rodríguez Fer.- É un escritor lucense autor dunha vintena de obras poéticas (a maioría reunidas en “Amores e clamores”) e de cinco de narrativa (reunidas en “Contos e descuentos”), así como dunha trintena de libros de ensaio, edición e estudo sobre literatura galega e universal (Dostoievski, Borges, Neruda, Cortázar, o 27). Recibiu importantes galardóns e foi traducido a dez idiomas. É director da Cátedra Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela e foi profesor visitante en Universidades de Nova York e Bretaña, por onde é Doutor Honoris Causa. Disertou e recitou en numerosos lugares de Europa, América e África. Codirixe a revista universitaria *Mocnã* e os cadernos *Unión Libre*. Presidente da Asociación para a Dignificación das Vítimas do Fascismo en Galicia e de honra da Asociación Memoria do Exilio en Bretaña.

Ana Vila Martínez.- Nace en Lugo onde se desenvolve toda a súa formación académica e social. Fixo estudos profesionais de violoncello no conservatorio público da cidade e Maxisterio na especialidade de lingua inglesa. Fixo parte de diversas formacións musicais como a *Camerata Lucense*, dirixida por Carmen Marzoa, ou o cuarteto “Ethos” e participou en diversos encontros orquestrais, cursos de violoncello e tamén de voz. Na actualidade traballa no estudio de gravación “La paz cruda” producindo para diversos grupos musicais e traballa tamén como artesá especializándose e impartindo cursos en coiro, fimo, lá, macramé ...

